

Miliarios do Campo da Lama

05002501

Datos de Localización

Miliario

Inmoble: Inmoble indeterminado



Localización: Campo da Lama (Vilariño das Poldras)

Coord. UTM X: 60175700

Y: 466080011

Concello: Sandiás

Parroquia: COUSO DE LIMIA

Lugar: Vilariño das Poldras

Tipoloxía: Epigraffía

Tipo: Miliarios

Subtipo: Miliario

Denominación: Miliarios do Campo da Lama

Características

Etapa Histórica Época Romana

Estilo:

Descripción:

Para chegar ata os miliarios, unha vez que se chega á aldea de Vilariño hai que coller a primeira pista da concentración parcelaria á man esqueda. Despois de percorrer uns 400 m xa son visibles á beira da pista.

Nunha leira que os veciños de Vilariño das Poldras coñecen como Campo da Lama apareceron no ano 1995 tres miliarios. Un deles está adicado ós emperadores Maximino e Máximo e os outros dous son anepigráficos. Na actualidade atópanse a uns 40 m ao noroeste do lugar de aparición, nunha beira da pista da concentración parcelaria que une Vilariño das Poldras con Sandiás. Por este lugar pasa a Vía XVIII e coincide coa reducción de milla LXVII.

Miliario 1:

Atópase nun óptimo estado de conservación e foi realizado en granito de gran medio. Publicado por primeira vez por Rodríguez Colmenero.

Cronoloxía: Ano da VII Envestidura Imperial de Maximino, no ano 238.

Medidas: a: 244 cm. Diám.: 67 cm. L: 5-9 cm.

Esta é a transcripción realizada por Rodríguez Colmenero, Ferrer Sierra e Álvarez Asorey:

Imp(erator) caes(ar) G(aius) Iulius Verus Maximinus
pius fel(ix) aug(ustus) ger(manicus) max(imus) dac(icus) max(imus)
sarm(aticus) max(imus) pont(i)f(ex) trib(unicia) pot(estate) V
imp(erator) VII p(ater) p(atriae) co(n)s(ul) pr(o)co(n)s(ul) et G(aius) Iulius
Verus Maximus nobilissimus caes(ar)
germ(anicus) max(imus) dac(ius) max(imus) sarm(aticus) max(imus) princeps iuventutis fili(us)
d(omini) n(ostri) imp(eratoris) caes(aris) G(ai) Iuli Veri Maximini
[fil(ius)] pius fel(ix) aug(ustus) vias et pontes intemporibus
vetustate conlapsos restitui praeceperu
nt cura agente Q(uinto) Decio leg(ato) aug(gustorum) pr(o)pr(aetore) c(larissimo) v(iro)

a Bracara m(ilia) p(assuum) LXVII

O emperador césar augusto Gaio Xulio Vero Maximino, pío, feliz, xermánico máximo, dácico máximo, sarmático máximo, pontífice, coa tribunicia potestade por quinta vez, emperador pola séptima, pai da patria, cónsul, procónsul; e Caio Xulio Vero Máximo, nobilíssimo césar, xermánico máximo, dácico máximo, sarmático máximo, príncipe da xuventude, fillo do noso señor o emperador, césar Caio Xulio Vero Maximino; pío, feliz, augusto, mandaron refacer as vías e as pontes deterioradas polo paso do tempo, sendo responsable Quinto Decio, legado propretor dos augustos, esclarecido varón, na milla 67 dende Braga.

É este un dos exemplares que mellor se conservan ó longo de toda a Vía, conta cun texto ben claro e correcto, a excepción da repetición na oitava liña de *fil* despois do nome de Maximino.

Miliarios 2 e 3:

En ambos casos trátase de dúas columnas, irregularmente cilindradas de granito de medio gran. Nunha pódese apreciar algúns sinal epigráfico, áinda que repicados intencionalmente. A outra non parece haber contado con inscrición.

Medidas:

a: 267 cm. Diám.: 45 cm. L: 10 cm.

a: 223 cm. Diám.: 50 cm.

Datación:

Autoría:

Materiais: Granito

Carac. Técnicas:

Alto: 0 cm.

Ancho: 0 cm.

Profundo: 0 cm.

Diámetro: 0 cm.

Perímetro: 0 cm.

Peso: 0 Kg.

Capacidade: 0

Xilófagos:

Perda Policromía

Perda Material:

Observacións:

Bibliografía: -RODRÍGUEZ COLMENERO, A.: *Aquae Flaviae I, Fontes Epigráficas da Gallaecia Meridional Interior*, Santiago de Compostela, 1997 (2^a ed.), pp. 353-354.
-RODRÍGUEZ COLMENERO, A., FERRER SIERRA, S., ÁLVAREZ ASOREY, R. D.: *Miliarios e outras inscríxions viarias romanas do noroeste hispánico*, Consello da Cultura Galega, Lugo, 2004, pp. 544-545.

Documentación: -Ficha do inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32077008.
-Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do concello de Sandiás. Clave de identificación: GA 32077008/08-II.

